

LITERATURA

Neira Vilas doa á RAG documentación epistolar

22.06.2011 A Biblioteca Nodal de Lugo abriu onte a exposición "Querido Balbino"

REDACCIÓN

Xosé Neira Vilas segue sendo a fonte, no ano que se cumpren o cincuenta aniversario do seu *Memorias dun neno labrego*, de importantes acontecementos culturais. Hoxe ás 12:30 horas terá lugar o acto de entrega en concepto de doazón, pola súa banda, dunha extensa documentación epistolar, con destino ao Arquivo da Academia.

No acto estarán presentes Xosé Neira Vilas e Xosé Luís Méndez Ferrín. Por outra banda, a Biblioteca Nodal de Lugo abriu onte a exposición *Querido Balbino, 1961-2011. Cincuenta anos de Memorias dun neno labrego*. A mostra constitúe unha homenaxe da Xunta de Galicia ao autor do libro máis lido e máis traducido da literatura galega. Promovida pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos, pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e mais pola Deputación de Pontevedra, percorre, desde o mes de abril, as bibliotecas nodais e os museos de Galicia.

Comisariada polo secretario da Fundación Xosé Neira Vilas, Valentín García, a mostra *Querido Balbino* artículase en dous eixes. Dunha banda, preséntase a traxectoria vital do escritor a partir de fotografías, documentos e correspondencia. Doutra banda, amósanse documentos e material referidos á traxectoria seguida polo propio libro e o seu protagonista. Neste sentido, a exposición lembra as edicións adaptacións teatrais e audiovisuais inspiradas en *Memorias dun neno labrego*, do que xa se imprimiron máis de 600.000 exemplares, e conta cunha sala onde se proxecta un documental sobre Balbino.

A exposición presenta tamén 10 obras pictóricas de autores galegos, inspiradas no protagonista de *Memorias dun neno labrego*, que son Paco Lareo, Chema Pazos, Rofer, Esperanza Lema, Federico Fernández, Xoán Domato, Antón Pulido, Herminda Salgueiro, Siro López e Xaquín Marín. E conta cun catálogo, ilustrado por comentarios aparecidos ao longo deste medio século de *Memorias*.